

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SELECCION PARA O INGRESO, POLO SISTEMA DE CONCURSO, NO CADRO DE PERSOAL DE INVESTIGACION LABORAL FIXO DA “FUNDACION PUBLICA GALEGA CENTRO TECNOLOXICO DE SUPERCOMPUTACION DE GALICIA” CESGA

REFS.: TS-INV-HPC-26 - NRP: 6090013 - TS-INV-TEDU-26 - NRP:6090023



Contido

PRIMEIRA.- Normas xerais	3
SEGUNDA.- Publicidade da Convocatoria	3
TERCEIRA.- Requisitos das persoas solicitantes	4
CUARTA.- Presentación de Solicitudes	5
QUINTA.- Tribunal de selección	8
SEXTA.- Proceso Selectivo	9
SETIMA.- Resolución provisional e definitiva	10
OITAVA.- Acreditación.....	11
NOVENA.- Cláusula de protección de datos.	12
DECIMA.- Eliminación de ficheiros.....	13
Anexo I Modelo solicitude	13
Anexo II Ficha Convocatoria	17
I. POSICIÓN OFERTADAS.....	17



BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DEFINITIVA DE DOUS POSTOS DE TECNICOS/AS SUPERIORES DE INVESTIGACION DA FUNDACIÓN PUBLICA GALEGA CENTRO TECNOLOXICO DE SUPERCOMPUTACION DE GALICIA (CESGA)**PRIMEIRA.- Normas xerais**

1.1.- Obxecto: Convócase proceso selectivo para a cobertura definitiva de dous (2) postos de TECNICOS/AS SUPERIORES DE INVESTIGACIÓN do cadro de persoal da Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia CESGA (en diante, CESGA) pola quenda de acceso libre coa modalidade contractual de persoal de investigación laboral fixo, coas características que figuran no anexo II

NUMERO DE PRAZAS	2
Categoría	TECNICO/A SUPERIOR DE INVESTIGACIÓN
Denominación do posto 1	Técnico/a Superior de investigación en Servizos HPC
Codigo do posto 1	6090013
Denominación do posto 2	Técnico/a Superior de investigación en Tecnoloxía Educativa
Codigo do posto 2	6090023
Grupo:	I
Centro de traballo	CESGA, Avenida de Vigo s/n, Campus Vida, 15705 – Santiago de Compostela.

1.2.- Condicións laborais: As condicións laborais dos postos rexeranse polo establecido no DECRETO 12/2024, do 11 de xaneiro, polo que se regula a organización, a promoción e a carreira profesional do persoal de investigación de carácter laboral nos organismos de investigación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

O CESGA asinará coa persoa seleccionada o correspondente contrato de traballo laboral fixo consonte o establecido no artigo 28 do Decreto 12/2024 de 11 de xaneiro, segundo as prescricións establecidas no texto refundido do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro (BOE do 24 de outubro), e demais lexislación vixente que resulte de aplicación. O contrato estará vixente dende a súa formalización con carácter de cobertura definitiva do posto.

1.3.- O procedemento de selección será o de concurso aplicando o baremo establecido no ANEXO II desta convocatoria.

1.4.- As persoas contratadas estarán sometidas ao réxime xeral de incompatibilidades establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, e disposicións complementarias.



1.5 O prazo máximo de resolución da convocatoria e de seis (6) meses contados a partir da súa publicación no DOG

SEGUNDA.- Publicidade da Convocatoria

Ao abeiro do disposto no artigo 34 do Decreto 12/2024 , a presente convocatoria publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do CESGA. O resto dos actos derivados deste proceso selectivo faranse públicos no seguinte enderezo da páxina Web do CESGA <https://emprego.cesga.es>

TERCEIRA.- Requisitos das persoas solicitantes

Para seren admitidas aos procesos selectivos, as persoas aspirantes deberán posuír no día de finalización da presentación de solicitudes de participación e manter ata o momento da sinatura do contrato os seguintes requisitos:

3.1.- Requisitos xerais

3.1.1.- Idade: ter dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

3.1.2.- Nacionalidade: Ter nacionalidade española, ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea ou ser nacional dalgún Estado no que, en virtude dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as. Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea sempre que non estean separados de dereito. Nas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de idade dependentes. Así mesmo, poderán participar os estranxeiros con residencia legal en España.

3.1.3.- Coñecemento do idioma galego: Acreditación de estar en posesión do Celga 4, título de perfeccionamento do idioma galego ou estudos equivalentes debidamente homologados polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia. No suposto de que o/a aspirante non poida acreditarlo documentalmente, deberá superar unha proba de nivel de carácter eliminatorio. Esta proba regúlase no ANEXO II destas bases.

3.1.4.- Compatibilidade funcional: posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. A estes efectos enténdese por tal, non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

3.1.5.- Capacidade: non estar inhabilitado/a para o desempeño de funcións públicas, nin separado/a mediante expediente disciplinario de calquera das administracións públicas. Os/As aspirantes que non teñan a nacionalidade española deberán acreditar que non están sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso ao emprego público.

3.2.Requisitos específicos

3.2.1. Titulación: Estar en posesión, ou en condicións de obter na data de remate do prazo de presentación de solicitudes, a titulación requirida no Anexo II destas bases. No caso de



titulacións obtidas no estranxeiro, deberán acreditar, no prazo de presentación de solicitude, que están na posesión do certificado de equivalencia ou da credencial que acredite, no seu caso, a súa homologación, expedida polo órgano competente. O requisito da homologación non será aplicable aos aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de Dereito Comunitario (Directiva 89/48/CEE, Directiva 2005/36/CE e RD 1837/2008).

3.2.2 Coñecemento do idioma Inglés consonte o nivel requirido no Anexo II atendendo á escala CEFR (Common European Framework of Reference). No suposto de que o/a aspirante non poida acreditalo documentalmente, deberá superar unha proba de nivel de carácter eliminatorio. Esta proba regúlase no ANEXO II destas bases.

3.2.3 Experiencia: Posuír a experiencia mínima requirida no Anexo II de estas bases.

CUARTA.- Presentación de Solicitudes

4.1.- As persoas que desexen participar no proceso selectivo deberán facelo constar no modelo de solicitude que figura no Anexo I da presente convocatoria.

4.2 As solicitudes dirixiranse ao Xerente/a do CESGA, presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do procedemento PR004A, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/solicitude-xenerica>, Indicando o seguinte:

- a) Destinatario: Consellería de Educación, Ciencia Universidades e Formación Profesional – Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA)
- b) Asunto: EMPREGO – SOLICITUDE – Referencia da praza

Exemplos: “EMPREGO – SOLICITUDE – TS-INV-HPC-26”

EMPREGO – SOLICITUDE – TS-INV-TEDU-26”

O modelo de solicitude estará á disposición de todas as persoas que desexen participar no proceso selectivo no portal web do CESGA, na sección de emprego para cada un destes postos.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fora realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>). No caso de persoas solicitantes estranxeiras, co fin de proceder á solicitude e aos tramites por medios electrónicos, designarán un representante con sinatura dixital en España. A solicitude deberá reunir todos os datos de identificación requiridos.



O enderezo que figure nas instancias considerárase como único válido para os efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva da persoa aspirante, tanto os erros na consignación del como a non comunicación de cambios de domicilio.

No caso de que o último día de presentación de solicitudes fose sábado ou festivo, o prazo entenderase prorrogado ata o seguinte día hábil. As datas de fin de prazo estarán sempre referidas ata as 14:00 horas.

4.3.- As persoas aspirantes deberán declarar e indicar expresamente na súa solicitude as circunstancias particulares nas que se atopen relativas ao pago de taxas. De acordo co sinalado no artigo 23.5 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, estarán exentas do pagamento do importe total da taxa:

- As persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%,
- As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial.

Do 50% do importe:

- As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría xeral.
- As persoas que figuren como demandantes de emprego desde, polo menos, os seis meses anteriores á data da convocatoria das probas selectivas en que soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego.

Aquelas persoas aspirantes que aleguen estar incluídas nalgunha das categorías anteriores deberán acreditarlo do seguinte xeito:

Discapacidade: Deberá indicarse expresamente na solicitude o grao de discapacidade recoñecido polo órgano competente, achegando para o efecto copia compulsada ou orixinal do correspondente certificado de discapacidade.

Familia numerosa de categoría especial: Deberá achegarse copia compulsada ou orixinal do título oficial de familia numerosa ou carné familiar en que conste expresamente a categoría especial.

Familia numerosa de categoría xeral: Acreditárase mediante copia compulsada ou orixinal do título oficial de familia numerosa ou carné familiar en que conste expresamente a dita categoría.

Situación de desemprego sen percepción de prestación ou subsidio: As persoas aspirantes deberán manifestar no modelo normalizado de solicitude que figuran como demandantes de emprego desde, polo menos, os seis meses anteriores á data de publicación da presente convocatoria no Diario Oficial de Galicia, e que non están a percibir prestación ou subsidio por desemprego. Así mesmo, deberán achegar a seguinte documentación:

1. **Certificación expedida pola correspondente oficina de emprego** na que conste que a persoa aspirante figura como demandante de emprego desde, polo menos, os seis meses anteriores á data de publicación do anuncio da convocatoria no DOG.



2. **Certificación do Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE)** na que se acredite que, na data de presentación da solicitude de participación no proceso selectivo, a persoa aspirante non está a percibir prestación por desemprego nin subsidio asociado.

Para o pagamento da taxa deberá actuar do seguinte xeito: realizar a autoliquidación da taxa empregando os documentos de pagamento, modelos 731 ou 730 dependendo se opta pola modalidade de pago presencial ou telemática, que están dispoñibles na sede electrónica da Axencia Tributaria de Galicia. As instrucións para o pago da taxa estarán dispoñibles na páxina web do CESGA.

O CESGA devolverá o importe ingresado en concepto de dereitos de exame a aquelas persoas aspirantes excluídas de maneira definitiva, ou ben que non figuren en ningunha das listaxes, que así o soliciten no prazo de dous (2) meses a partir do día seguinte ao da publicación no portal web do CESGA das listas definitivas de admitidos e excluídos. Non procederá a devolución do importe aboado en concepto de dereitos de exame nos supostos de renuncia a participar no proceso das persoas aspirantes admitidas provisional ou definitivamente.

Para calquera aclaración ou información sobre os procedementos anteriores, as persoas aspirantes poderán poñerse en contacto telefónico co CESGA no número 981569810 das 9 ás 14 horas, de luns a venres.

4.4.- As persoas interesadas deberán incorporar xunto co procedemento PR004A, a seguinte documentación:

- Modelo de Solicitude, incluído no Anexo I das presentes bases, que incorpora o modelo asinado de datos persoais para cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo e de el Consello de 27 de abril de 2016 (GDPR), Lei Orgánica de Protección de Datos e Garantía de Dereitos Dixitais (LOPDGDD, da Lei 3/2018 de 5 de decembro).
- No suposto de non ter a nacionalidade española, documentación acreditativa de cumprir calquera das condicións previstas no artigo 52.1 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, regulador do acceso ao emprego público de persoas nacionais doutros Estados.
- Copia compulsada do título do Celga 4 ou do título equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).
- Copia compulsada do título ou certificado de inglés no nivel requirido no Anexo II ou acreditación/certificación equivalente atendendo á escala CEFR (Common European Framework of Reference).
- Documento acreditativo de pago das taxas.
- Declaración responsable de reunir os requisitos esixidos para poder participar na convocatoria.

Ademais dos citados documentos, as persoas solicitantes deberán enviar obrigatoriamente a seguinte documentación, que non poderá superar os 10 MB:



- Curriculum Vitae, que permita comprobar os requisitos e méritos indicados no Anexo II. Deberá indicarse de forma explícita: se o nivel de galego e inglés son acreditables mediante acreditación/certificación oficial ou se, pola contra, non se dispón desta. No caso do galego, indique se está en posesión da Acreditación Celga 4, título de perfeccionamento do idioma galego ou estudos equivalentes debidamente homologados polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia. No caso de inglés, indique se está en posesión da acreditación do nivel requirido.

4.5.- O prazo de presentación de solicitudes será de dez (10) días hábiles e o seu cómputo iniciárase o día seguinte ao da publicación destas bases no Diario Oficial de Galicia e na Web do CESGA.

4.6.- Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a xerencia do CESGA revisará a documentación para sacar a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, así como as causas da súa exclusión. As listaxes provisionais de persoas aspirantes admitidas e excluídas indicarán os apelidos, nome e catro cifras numéricas aleatorias do documento nacional de identidade, e as causas das exclusións que procedan.

Os/as aspirantes excluídos/as disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a súa exclusión. Para tal efecto, a estimación ou desestimación das ditas peticións de emendas entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deben presentar tras superar o proceso selectivo se desprenda que non posúen algúns dos requisitos, as persoas aspirantes decaerán en todos os dereitos que puideren derivar da súa participación.

QUINTA.- Tribunal de selección

5.1.- O Tribunal de selección será designado pola Xerencia do CESGA e autorizado pola Axencia Galega de Innovación (GAIN) e a súa composición adecuarase o previsto no artigo 35 do Decreto 12/2024 de 11 de Xaneiro

5.2.- As persoas que formen parte do Tribunal de selección deberán absterse de intervir cando concorran nelas circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público ou nas Instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección aprobadas por Resolución do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 11 de abril de 2007. A concorrencia de calquera das ditas causas deberá serlle comunicada á xerencia do CESGA.

A Presidencia do Tribunal deberá solicitar ás restantes persoas que formen parte do Tribunal de selección, unha declaración expresa de non atoparse en ningunha das circunstancias reflectidas no parágrafo anterior.

As persoas aspirantes poderán recusar os integrantes do Tribunal de selección cando concorran



neles algunha das circunstancias referidas no parágrafo primeiro consonte ao establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

5.3.- A autoridade que convoca publicará na páxina web corporativa a resolución correspondente pola que se nomeen os novos integrantes do Tribunal de selección, que substituirán os que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas na base anterior.

5.4.- A sesión de constitución deberá realizarse no prazo máximo de quince (15) días hábiles a partir da publicación do nomeamento do Tribunal de selección na páxina web corporativa. Na dita sesión, o Tribunal de selección adoptará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.

5.5.- A partir da sesión de constitución, a actuación válida do Tribunal de selección aos efectos de realización de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza in situ ou por videoconferencia ou audioconferencia, de polo menos a metade dos seus membros, con presenza en todo caso do/o presidente/a e do/o secretario/a.

5.6.- O procedemento de actuación do Tribunal de selección axustarase en todo momento ao disposto nestas bases, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección, na Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia e ás Instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos órganos de selección do 11 de abril do 2007, modificadas polo acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2010, e ao resto do ordenamento xurídico.

5.7. Para efectos de comunicación e incidencias, o tribunal terá como sede as oficinas da Fundación CESGA sitas na Avenida de Vigo, s/n (Campus Universitario Sur) – 15705 Santiago de Compostela.

5.8.- O tribunal non valorará os méritos daquelas persoas candidatas que non cumpran cos requisitos e/ou perfil do contrato establecidos no Anexo II. Tampouco valorarán aqueles méritos que non resulten suficientemente xustificados en atención á documentación presentada.

5.9.- O tribunal de selección propondrá ao órgano convocante declarar deserta a praza obxecto do concurso cando ningunha das persoas aspirantes cumpra cos requisitos mínimos e/ou non alcancen os limiares de solvencia establecidos na convocatoria correspondente. En tal caso, abrirase un novo prazo para a presentación de solicitudes, sen necesidade de nomear un novo tribunal nin realizar unha nova convocatoria, manténdose as mesmas condicións e requisitos establecidos inicialmente na convocatoria.

SEXTA.- Proceso Selectivo

Este proceso selectivo rexerase polo disposto nesta convocatoria e nas súas bases, e, en todo o non previsto nelas, polo Decreto 12/2024, do 11 de xaneiro, pola Lei 14/2011, do 1 de xuño, polo Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e polas súas normas de desenvolvemento. Así mesmo, serán de aplicación, na medida en que resulte procedente, o Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto básico do empregado público, a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e demais normas concordantes que resulten de aplicación.



Conforme ao establecido no artigo 32 do Decreto 12/2024 do 11 de xaneiro, a selección realizarase a través dun concurso de valoración de méritos, dentro do marco previsto no artigo 61.7 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes e unha vez publicadas as listas definitivas de admitidos/as e excluídos/as o Tribunal, conforme ao baremo establecido no ANEXO II, valorará os méritos alegados polos/as aspirantes que deberán referirse á data de publicación do anuncio no DOG da convocatoria do proceso selectivo.

O proceso selectivo constará das seguintes fases

- FASE 1 Valoración Curricular

Avaliarase o currículo achegado polos/as aspirantes, de acordo co baremo establecido no Anexo II. A puntuación máxima desta fase será de 90 puntos. Para continuar no proceso selectivo será necesario obter unha puntuación mínima de 46 puntos no conxunto da fase. Finalizada esta valoración, designaranse os/as candidatos/as que superen o limiar de solvencia, ordenados de maior a menor puntuación.

- FASE 2 Entrevista Individual

Os/as candidatos/as que superen a fase anterior serán convocados/as a unha entrevista individual, que poderá desenvolverse en inglés, castelán e/ou galego. A puntuación máxima desta fase será de 10 puntos. Esta entrevista terá como obxectivo -entre outros- aclarar e profundar na formación e traxectoria profesional do candidato/a, avaliar a súa visión sobre a posición que aspira a ocupar e valorar as súas habilidades e competencias, e outros aspectos que a xuízo do tribunal resulten relevantes para o posto.

SETIMA.- Resolución provisional e definitiva

7.1. O tribunal seleccionará as solicitudes e elevará á Xerencia do CESGA a proposta de contratación da/s persoa/s candidatas que obtivesen maior puntuación. Poderá propor a non-provisión da praza convocada se na avaliación das persoas candidatas observase que ningunha delas reúne as condicións do perfil e/ou os requisitos mínimos solicitados na convocatoria, así como se observase incongruencia insalvable entre os méritos achegados e a documentación presentada.

7.2 Á vista do resultado das valoracións emitidas polo Tribunal, o CESGA fará pública na páxina web da Fundación CESGA a resolución provisional coa puntuación de todas as persoas aspirantes. Na devandita proposta figurarán os adxudicatarios e as persoas integrantes da lista de reserva no seu caso.

7.3 Concédese un prazo de (5) cinco días hábiles, a partir da publicación da resolución provisional de concesión, para a presentación de alegacións contra a mesma. Esta adxudicación provisional terase por aceptada cando unha vez proposta a persoa adxudicataria os restantes admitidos ao concurso non efectúen alegacións ou comuniquen o desestimento da súa solicitude.



Transcorrido o prazo de alegacións á vista das reclamacións presentadas, e realizadas de ser o caso as oportunas correccións á puntuación global inicialmente asignada a cada persoa aspirante, o Tribunal de selección procederá á puntuación global definitiva, que será elevada á Xerencia do CESGA para que dite resolución coas puntuacións definitivas dos/das aspirantes, que conterá os apelidos, nome e catro cifras numéricas aleatorias do documento nacional de identidade e será publicada polos mesmos medios que a resolución provisional.

Na devandita resolución de adxudicación figurará a persoa adxudicataria do posto e as persoas que integren as listas de reserva, no seu caso. Esta resolución do procedemento esgotará a vía administrativa. En caso de renuncia dun adxudicatario, a súa praza poderá ser ocupada polo/pola suplente da lista de reserva correspondente segundo a orde establecida na resolución. Para estes efectos, terán a mesma consideración que as renuncias os supostos das persoas aspirantes que, dentro do prazo fixado, agás os casos de forza maior, non presentasen a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos ou do seu exame se deduxa que carecen dalgún deles e que, en consecuencia, non poderán formalizar o contrato de traballo.

7.4 O tribunal de selección realizará cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, incluíndo a acreditación documental de calquera dos méritos achegados na solicitude. Se do exame das solicitudes e a documentación presentada desprendécese que as mesmas omiten información esencial para o proceso de avaliación ou conteñen información ou datos inexactos, contraditorios, incongruentes ou falsos, o tribunal de selección poderá excluír dita solicitude do procedemento, mediante escrito no que se fará constar tal circunstancia.

7.5 En caso de empate na puntuación, dirimirase a favor da persoa aspirante do xénero infrarrepresentado na categoría á que opta.

De persistir o empate, dirimirase a favor da persoa que obtivese maior puntuación nos méritos enumerados nas bases da convocatoria pola orde establecida nos mesmos e en último lugar por orde alfabética do primeiro apelido e de ser igual polo segundo, a partir da letra establecida na Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública de do 22 de xaneiro de 2026 (DOG número 16, do 26 de xaneiro de 2026) pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. En último lugar, o empate dirimirase por sorteo entre as persoas implicadas.

OITAVA.- Acreditación do cumprimento de méritos e requisitos

8.1. A primeira persoa aspirante da resolución definitiva publicada será a persoa seleccionada para a cobertura da praza obxecto desta convocatoria, e deberá presentar no prazo dos tres (3) días hábiles seguintes á data na que se faga pública a listaxe definitiva, a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos e dos méritos baremables na fase de concurso e restante documentación adicional incluída no Anexo II a través da sede electrónica (sede.xunta.gal).

- **Titulacións**



Copia compulsada do/s título/s ou documento que acredite de modo fidedigno a posesión do correspondente título académico (Grao, Máster, Doutoramento, e demais titulacións).

- **Cursos e formacións**

Certificado de asistencia ou superación, incluíndo o temario do curso e o número de horas. Non se considerarán como cursos os créditos obtidos en estudos regulados.

- **Certificacións**

Certificado oficial

- **Publicacións**

DOI, ISBN, ISSN ou referencia bibliográfica completa (formato APA 7) da publicación e copia ou URL permanente da mesma.

- **Experiencia**

Xustificarase coa seguinte documentación:

- Contrato de traballo onde figure expresamente o nome e código do proxecto ou certificación da entidade onde participou, incluíndo as datas de inicio e fin da participación. Os proxectos activos tamén serán computables cando teñan transcorrido a lo menos un 25% do tempo total.
- Copia da vida laboral para os contratos laborais en España ou documento internacional substitutorio que inclúa a duración en días ou meses do contrato.
- Declaración responsable asinada polo solicitante, cunha descrición de cada un dos proxectos ou contratos nos que traballou, de non máis dunha cara dun folio A4 cada un, onde se xustifique a relación do mesmo co obxecto do criterio.
- Naqueles casos onde se valore experiencia relacionada co desenvolvemento de ferramentas e aplicativos dixitais, enlace a repositorios de código ou portafolios: Enlaces a repositorios públicos (GitHub, GitLab, etc.) ou portafolios que mostren exemplos de scripts ou ferramentas desenvolvidas. Cada exemplo debe incluír unha breve descrición do seu propósito e contexto.

Tamén deberá aportar certificado médico oficial no que se acrediten os extremos sinalados no apartado 3.1.4

8.2 Se o candidato/a seleccionado/a non presentase a documentación no prazo establecido, ou presentase a súa renuncia á contratación (que se fará mediante solicitude expresa no mesmo prazo sinalado no punto anterior), resultará automaticamente seleccionado/a o/a seguinte aspirante segundo a orde de prelación da lista, que deberá presentar, nun novo prazo de tres días dende o remate do anterior, a documentación sinalada no punto anterior.

8.3 Logo de seleccionado/a o/a candidato/a e presentada a súa documentación, segundo o



establecido nos puntos anteriores e comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos, procederase á formalización da contratación obxecto desta convocatoria.

NOVENA.- Cláusula de protección de datos.

9.1. De conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que a Fundación CESGA é a responsable do tratamento dos datos, podendo contactar co Delegado de Protección de Datos, na seguinte dirección de correo electrónico: rgpd@cesga.es. A finalidade da recollida e tratamento da información é a xestión da presente convocatoria.

9.2. Así mesmo, faise constar que a Fundación CESGA non cederá ou comunicará os seus datos persoais, salvo nos supostos legalmente previstos ou cando fora necesario para a prestación do servizo, e que os datos serán conservados aínda despois de que cesase a relación coa Fundación CESGA, durante o tempo que poidan ser requiridos por control ou fiscalización da entidade pública competente. En calquera momento os interesados poderán exercer os dereitos de Acceso, Rectificación, Supresión, Oposición, Limitación ou Portabilidade. Para exercer os dereitos deberase de presentar un escrito na dirección arriba sinalada especificando cal destes dereitos solicita sexa satisfeito e, á súa vez, deberá acompañarse da fotocopia do DNI ou documento identificativo equivalente. No caso de que actuase mediante representante, legal ou voluntario, deberá achegar tamén documento que acredite a representación e documento identificativo do mesmo.

DECIMA.- Eliminación de ficheiros.

Infórmase ás persoas participantes que a documentación presentada xunto coa súa solicitude de participación permanecerá nos arquivos da Fundación CESGA o tempo que marque a normativa de aplicación.



Anexo I Modelo solicitude

Referencia do posto: TS-INV-HPC / TS-INV-TEDU	Data publicación anuncio:
<u>DNI/NIE</u>	<u>Nome</u>
DNI/NIE	Nome
<u>Primeiro apelido</u>	<u>Segundo apelido</u>
Primeiro apelido	Segundo apelido
<u>País</u>	<u>Código postal</u>
País	C.P.
<u>Provincia</u>	<u>Concello</u>
Provincia	Concello
<u>Enderezo</u>	
Enderezo	
<u>Correo electrónico</u>	<u>Móbil/Teléfono de contacto</u>
Email	Teléfono

Documentación	
Copia do D.N.I	☐
Documentación acreditativa de cumprir calquera das condicións previstas no artigo 52.1 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia	☐
Documentación que acredita o nivel de galego, CELGA 4, requirido	☐
Documentación que acredita o nivel de Inglés, B1, requirido	☐
Currículo (CV)	☐
Xustificante bancario de ter aboado a taxa correspondente	☐
Documento xustificativo de estar exento total ou parcialmente da taxa	☐
Outra documentación	☐



Declaración responsable:

- A persoa asinante declara responsablemente posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas, segundo establécese na convocatoria. **(marque este cadro se é o caso)** ☐
- A persoa asinante declara non estar inhabilitado/a para o desempeño de funcións públicas, nin separado/a mediante expediente disciplinario de calquera das administracións públicas. Os/As aspirantes que non teñan a nacionalidade española deberán acreditar que non están sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso ao emprego público. **(marque este cadro se é o caso)** ☐
- A persoa asinante declara cumprir cos requisitos esixidos para poder participar na convocatoria. **(marque este cadro se é o caso)** ☐



Protección de datos de carácter persoal

En cumprimento da normativa vixente en materia de protección de datos, “Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 (GDPR), Lei Orgánica de Protección de Datos e Garantía de Dereitos Dixitais (LOPDGDD, da Lei 3/2018 do 5 de decembro)” facilitámoslle a seguinte información que debe ler, antes de asinar a ficha de alta como candidato/a de emprego:

Responsable do tratamento dos datos de carácter persoal:	Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (CESGA), con CIF: G15852981 e domicilio en Avenida de Vigo, s/n Campus Sur, CP: 15705, Santiago de Compostela. rgpd@cesga.es
Fins do tratamento:	Os datos persoais facilitados van utilizar para a xestión dos procesos de selección do CESGA.
Lexitimación:	Consentimento do interesado/a.
Destinatarios:	Non se van a realizar cesións a terceiros. Non se van a realizar transferencias internacionais de datos.
Dereitos:	Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, como se explica na información adicional.
Información adicional:	Pode consultar a información adicional na Política de Privacidade e Protección de Datos que figura na páxina web do CESGA: https://www.cesga.es/politica-privacidad/

A persoa asinante declara ser maior de 16 anos, e presta o seu consentimento para o tratamento dos seus datos de carácter persoal, de acordo coa información facilitada e as condicións expostas na Política de Protección de Datos. Así mesmo, declara ser exactos e veraces os datos facilitados e obrígase a comunicar por escrito á Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (CESGA), Avenida de Vigo, s/n - Campus Vida, CP 15705 Santiago de Compostela, calquera variación ou modificación que se produza nos datos antes referidos.

(marque este cadro se é o caso) ☐



A persoa asinante declara a veracidade da información anterior e solicita a participación no proceso de selección convocado pola Fundación CESGA e referenciado anteriormente na solicitude.

En _____, _____ de _____ de _____

Asinado.:

Dirixido: XERENTE DA FUNDACIÓN CESGA

Avda. De Vigo s/n (Campus Vida) 15705 Santiago de Compostela, A Coruña



Anexo II Ficha Convocatoria

Referencia da praza: **TS-INV-HPC-26 – NRP: 6090013**

DATOS DA PRZA	
Categoría	TÉCNICO SUPERIOR DE INVESTIGACION (Art. 28.1.a RD 12/2024 de 11 de Xaneiro)
Denominación do posto	TECNICO SUPERIOR DE INVESTIGACION HPC
Código do posto	6090013
Xornada Laboral	Completa de luns a venres.
Centro de traballo	CESGA, Avenida de Vigo s/n, Campus Vida, 15705 – Santiago de Compostela.
CONDICIÓNS DO POSTO	
Tipo de contrato	Contrato laboral fixo de Técnico Superior de investigación do artigo 28 do Decreto 12/2024 de 11 de Xaneiro
Grupo profesional	Grupo 1
Categoría	Técnico/a superior de investigación
Número de prazas	1
Descrición	Prestar servizos científico-técnicos avanzados en computación de altas prestacións (HPC) e tecnoloxías asociadas, orientados ao apoio directo á actividade investigadora e de transferencia , mediante o deseño, implantación, mantemento e mellora de plataformas, contornas e aplicacións científicas sobre as infraestruturas do CESGA, así como a súa aplicación a casos de uso de grupos e proxectos de investigación, incluíndo a elaboración de informes, estudos e análises e a participación na xestión técnica e execución de actuacións e proxectos de I+D+i, consonte coa misión do CESGA e a súa condición de ICTS infraestrutura científico-técnica singular ao servizo do sistema de I+D+i.
Funcións a realizar	- Analizar as necesidades científico-técnicas expostas pola comunidade usuaria e identificar, seleccionar e priorizar aplicacións e contornas de cálculo que dean resposta aos correspondentes casos de uso da comunidade usuaria. - Colaboración na definición de arquitecturas óptimas de hardware e software (configuracións, bibliotecas e contornas), en función de perfís de carga, requisitos de rendemento, eficiencia e criterios de eficiencia e sustentabilidade. - Compilación, instalación, configuración e validación funcional de aplicacións de cálculo científico e bases de datos científicos, garantindo a súa integración coas plataformas do CESGA.



	• Seguimento, avaliación e despregamento de novas versións das aplicacións e compoñentes asociados, garantindo compatibilidade, trazabilidade e continuidade do servizo. • Prestar apoio científico-técnico avanzado á comunidade usuaria no uso, parametrización e boas prácticas das aplicacións, incluíndo interpretación de incidencias e proposta de solucións. • Prestar apoio científico-técnico en relación coas ferramentas de desenvolvemento dispoñibles (compiladores, depuradores, ferramentas de profiling, bibliotecas e contornas), orientado á mellora dos fluxos de traballo de investigación. • Desenvolvemento, adaptación ou extensión de software e scripts de soporte ao cálculo científico, incluíndo portabilidade, paralelización, optimización e automatización de procesos, cando resulte necesario para a correcta execución dos proxectos e servizos. • Estudos de rendemento, escalabilidade e eficiencia, con benchmarking e profiling, así como propostas e implementacións de melloras, incluíndo metodoloxías de benchmarking, profiling e optimización. • Planificación, promoción e impartición de formación (cursos, talleres, seminarios) e elaboración de materiais asociados. • Mantemento e análise de estatísticas e indicadores de uso, contribuíndo á avaliación do impacto, planificación de capacidade e mellora continua propia dunha ICTS. • Desenvolvemento, instalación e mantemento de ferramentas internas de xestión vinculadas á explotación científica (xestión de contornas, módulos, repositorios, integracións e utilidades de soporte). • Elaborar, manter e publicar documentación técnica (guías, recomendacións, procedementos, notas técnicas, exemplos reproducibles) sobre calculo científico aplicacións, utilidades e arquitecturas de execución. • Xestión e actualización do rexistro de incidencias e solicitudes, asegurando a súa trazabilidade, a comunicación coa persoa usuaria e a escalada técnica cando proceda • Participación na dirección, xestión técnica e execución de proxectos, programas e actuacións de I+D+i nos que participe o CESGA, con responsabilidades e contribucións técnicas, informes, resultados e entregables asociados. • Realización de vixilancia tecnolóxica e prospectiva en HPC e tecnoloxías asociadas, proponendo medidas de adopción e mellora de servizos e capacidades
--	--



	- Asistencia a cursos, seminarios, congresos e proxectos a nivel estatal e internacional, vinculados ás funcións do posto e ás prioridades estratéxicas do centro.Colaboración nas actividades de promoción do centro. - Colaboración nas actividades de promoción do centro.		
Retribución bruta anual	44.876,17 €		
REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES			
Titulación requirida	Nivel 3 segundo o Marco Español de cualificacións para a Educación Superior recollido no Real Decreto 1027/2011 de 15 de xullo. A titulación deberá estar adscrita ao seguinte ámbito do coñecemento, segundo o Real Decreto 822/2021 (Anexo I): Informática e Ciencias da Computación		
Experiencia requirida	Experiencia profesional: Acreditar un mínimo de cinco (5) anos de experiencia profesional en centros de investigación (universidades, centros tecnolóxicos, organismos públicos de investigación ou entidades equivalentes), dos cales cando menos dous (2) anos deberán corresponder á prestación de servizos científico-técnicos en computación de alto rendemento (HPC) nun centro de supercomputación ou en centros que dispoñan de sistemas de Supercomputación ou clústeres de cálculo científico destinados ao soporte efectivo de proxectos de investigación, incluíndo apoio e colaboración con grupos de investigación, participación no deseño, operación, mantemento e mellora de plataformas e servizos de apoio á investigación, e a elaboración de informes técnicos, análises e/ou a xestión técnica de plans, proxectos ou programas asociados.		
Idiomas	Inglés: B1		
Outros	Non se require		
MÉRITOS A VALORAR			
Ítem	Concepto do ítem	Puntos max.	Puntos mín.
1	Valoración curricular Valoraranse os seguintes aspectos: <u>1.1 Formación: puntuación máxima 30 puntos</u> Valoraranse os cursos, másteres ou posgraos impartidos por centros oficiais de titularidade pública ou privada homologados, ou por entidades da Administración pública. Non serán avaliáveis as accións formativas cunha	90	46



	duración inferior a dez (10) horas. • Outras titulacións oficiais (máximo 25 puntos): a) Doutoramento en HPC ou computación numérica. 15 puntos b) Titulación de Máster en HPC ou Intelixencia Artificial: 10 puntos, sempre que sexa distinta e adicional á empregada para acreditar o requisito mínimo de acceso; en caso contrario, non será obxecto de valoración c) Grado oficial en HPC ou Intelixencia Artificial: 5 puntos d) FP Superior informática (ASIR, DAM, DAW): 2 puntos • Formación específica relacionada cos requisitos do contrato ofertado. (Ata 3,5 puntos). a) Formación en tecnoloxías asociadas a HPC, ML ou GPU. 0,5 puntos por curso. • Nivel de idiomas superior ao esixido. (Ata 1,5 puntos). • Inglés nivel B2: 0,5 puntos • Inglés nivel C1: 1 puntos • Inglés nivel C2: 1,5 puntos. <u>1.2 Experiencia profesional relacionada coas funcións do posto (máximo 30 puntos)</u> Só se valorará a experiencia profesional adicional á requirida como requisito na base terceira desta Convocatoria. Para os efectos deste apartado, os períodos de que se valoren deberán ser distintos, de maneira que un mesmo período de tempo traballado non poderá computarse máis dunha vez nin atribuírse simultaneamente a varios apartados ou epígrafes destas bases, con independencia da natureza das funcións desenvolvidas. • Experiencia profesional en prestación de servizos científico-técnicos en computación de alto rendemento (HPC), en colaboración con grupos de investigación, participación no deseño, operación, mantemento e mellora de plataformas e servizos de apoio á investigación, así como na elaboración de informes técnicos, análises e/ou na xestión técnica de plans, proxectos ou programas asociados. Para os efectos deste baremo, entenderase por experiencia en computación de alto rendemento (HPC) aquela desenvolvida en centros que dispoñan de sistemas de Supercomputación ou clústeres de cálculo científico destinados ao soporte efectivo de proxectos de investigación, nos que a persoa aspirante desempeñase funcións técnicas directamente vinculadas á explotación científica da infraestrutura: a) en centros de Supercomputación recoñecidos oficialmente		
--	--	--	--



	como Infraestructuras Científico-Técnicas Singulares (ICTS) no marco do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación: 0,60 puntos por mes. b) en entidades públicas de investigación que dispoñan de infraestrutura HPC propia destinada ao soporte científico 0,40 puntos por mes. c) en centros de investigación privados que dispoñan de infraestrutura HPC propia destinada ao soporte científico 0,20 puntos por mes. 1.3 Traxectoria científico-técnica do/a candidato/a. (máximo 30 puntos). a) Publicacións científicas nos últimos 10 anos en Revistas Indexadas relacionados coa computación HPC, a Intelixencia Artificial ou a computación Cloud, así como informes técnicos publicados, 2 puntos por cada artigo Ata un máximo de 15 puntos. b) Participación en proxectos de I+D europeos. 2 puntos por proxecto. Ata un máximo de 15 puntos.		
2	Probas de idiomas 2.1 inglés No CV que se adxunte coa solicitude, deberá indicarse de forma explícita se o nivel de inglés é acreditable mediante acreditación/certificación ou se, pola contra, non se dispón desta. Os/as aspirantes que non estean en posesión da correspondente acreditación/certificación de idioma, deberán realizar unha proba eliminatoria cuxa valoración será de apto ou non apto. A duración da proba será de máximo (30) minutos, e consistirá na tradución dun texto de inglés a castelán. 2.2 Galego No CV que se adxunte coa solicitude, deberá indicarse de forma explícita se o nivel de Galego requirido se acredita a través do Celga 4 ou do título equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro). No caso de que a persoa aspirante non posúa a titulación sinalada no parágrafo anterior, poderá igualmente participar no proceso selectivo. Os/as aspirantes que non estean en posesión da correspondente acreditación/certificación de idioma galego, deberán realizar unha proba eliminatoria cuxa valoración será	Apto/Non Apto	



	de apto ou non apto. A duración da proba será de máximo (30) minutos, e consistirá na tradución dun texto de galego a castelán. O lugar, a data e a hora da mesma anunciaranse na páxina web da Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia. Para a realización da devandita proba o tribunal poderá requirir o asesoramento de persoal cualificado na materia.		
3	Entrevista A entrevista centrarase en avaliar as competencias e habilidades transversais do candidato/a, así como a súa adecuación ao posto ofertado. ▪ Competencias Técnicas: Dominio de conceptos nas áreas relacionadas co posto. ▪ Habilidades Transversais: Capacidade de comunicación, traballo en equipo e resolución de problemas. ▪ Adecuación ao Perfil do Posto: Avaliarase a motivación, interese e aliñamento do candidato/a con os obxectivos e funcións do posto, así como a súa dispoñibilidade. ▪ Outras consideradas relevantes para o posto.	10	6



Referencia da praza: TS-IN-TEDU-26 – NRP: 6090023

DATOS DA PRZA	
categoria	TECNICO SUPERIOR DE INVESTIGACION (Art. 28.1.a RD 12/2024 de 11 de Xaneiro)
Denominación do posto	Técnico superior de investigación en tecnoloxía educativa
Codigo do posto	6090023
Xornada Laboral	Completa de luns a venres.
Centro de traballo	CESGA, Avenida de Vigo s/n, Campus Vida, 15705 – Santiago de Compostela.
CONDICIÓNS DO POSTO	
Tipo de contrato	Contrato laboral fixo de Técnico Superior de investigación do artigo 28 do Decreto 12/2024 de 11 de Xaneiro na area de E-learning / Tecnoloxía Educativa da Fundación CESGA
Categoría laboral	Grupo 1
Categoría	Técnico/a Superior de Investigación
Número de prazas	1
Descrición	O posto require unha alta especialización pedagóxica e informática na área de tecnoloxía educativa en contornas de recursos computacionais avanzados. O posto está orientado á prestación de servizos científico-técnicos avanzados e desenvolver actividades de I+D+i no ámbito da Tecnoloxía Educativa e a e-colaboración, orientados ao apoio directo á actividade investigadora e de transferencia, mediante a investigación, deseño, implantación e validación de solucións tecnolóxicas innovadoras (Intelixencia Artificial, VR/AR, analítica de datos, plataformas de aprendizaxe e colaboración, microcredenciais, cuántica, e outras) e a súa implantación, mantemento e mellora sobre as infraestruturas do CESGA, así como a colaboración co resto do centro no desenvolvemento de solucións tecnolóxicas para a comunidade investigadora. Así mesmo o posto require a elaboración de artigos científicos, informes e análises así como a participación na xestión técnica e execución de actuacións e proxectos de investigación, de acordo coa misión do CESGA na súa condición de ICTS infraestrutura científico-técnica singular ao servizo do sistema de I+D+i.
Funcións a realizar	1) Deseño, fundamentación e validación de modelos pedagóxicos innovadores que integren tecnoloxías disruptivas (p ex. IA Xenerativa,



	Realidade Estendida - XR, Computación Cuántica) nos procesos de ensino-aprendizaxe. Investigación sobre o impacto cognitivo e competencial do uso destas ferramentas. 2) Liderado de paquetes de traballo pedagóxicos e tecnolóxicos en proxectos europeos (Erasmus+, Horizon Europe) e nacionais de tecnoloxía educativa. Definición de marcos metodolóxicos, deseño de currículos baseados en IA e coordinación de socios educativos internacionais. Elaboración de entregables científicos e xustificacións técnicas. 3) Deseño e avaliación de Ecosistemas de Aprendizaxe e colaboración. Definición de requisitos funcionais e pedagóxicos para a evolución das plataformas do CESGA orientadas á aprendizaxe e colaboración (Aula CESGA, Seminar, Cúmulo). Análise de usabilidade e experiencia de usuario (UX) desde unha perspectiva didáctica e tecnolóxica, asegurando a accesibilidade e a inclusión. 4) Deseño de metodoloxías experimentais e instrumentos de recollida de datos para medir a eficacia das aplicacións educativas, mediante técnicas de analítica de aprendizaxe, con integración de IA modelos predictivos, multimodais, e explicables para interpretar patróns de uso, personalizar itinerarios formativos e validar hipóteses de investigación, xerando evidencias científicas para publicacións de impacto. 5) Definición, despregue e mantemento da infraestrutura técnica requirida para o departamento, asegurando a súa interoperabilidade e escalabilidade coa infraestrutura HPC do CESGA, garantindo o cumprimento dos protocolos requiridos de seguridade, protección de datos e alta dispoñibilidade. 6) Análise e desenvolvemento de solucións baseadas en estándares de interoperabilidade (LTI, xAPI) e credenciais dixitais (micro-credenciais), asegurando a integración de ferramentas externas e a portabilidade de datos de aprendizaxe. 7) Deseño e impartición de formación especializada para a comunidade investigadora e docente sobre competencias dixitais avanzadas (Pensamento Computacional, Intelixencia Artificial, XR, etc). Redacción de artigos científicos e presentación de resultados en congresos internacionais para asegurar a difusión do coñecemento xerado. 8) Vixilancia tecnolóxica. Análise de tendencias globais en Tecnoloxía Educativa (EdTech) e a súa aplicabilidade ao contexto da comunidade de usuarios do CESGA, o SUG e o ensino non universitario. Asesoramento estratéxico sobre a adopción de novas solucións de e-learning e e-colaboración para mellorar os servizos do centro e fomentar a innovación na comunidade educativa galega.
--	--



	9) Asistencia a cursos, seminarios, congresos e proxectos a nivel estatal e internacional, vinculados ás funcións do posto e ás prioridades estratéxicas do centro.		
Retribución bruta anual	44.876,17 €		
REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES			
Titulación requirida	Nivel 3 segundo o Marco Español de cualificacións para a Educación Superior recollido no Real Decreto 1027/2011 de 15 de xullo. A titulación deberá estar adscrita no ámbito do coñecemento de Ciencias da Educación , segundo o Real Decreto 822/2021 (Anexo I).		
Experiencia requirida	Experiencia profesional: Acreditar un mínimo de cinco (5) anos de experiencia profesional en centros de investigación (universidades, centros tecnolóxicos, organismos públicos de investigación ou entidades equivalentes), dos cales cando a lo menos dous (2) anos deberán corresponder á participación directa como analista en proxectos de I+D+i europeos de tecnoloxía educativa ou na xestión técnica de plataformas de e-learning a gran escala (cun mínimo de 3.000 usuarios) nun centro de supercomputación ou en centros que dispoñan de sistemas de supercomputación ou clústeres de cálculo científico, incluíndo apoio e colaboración con grupos de investigación, participación no deseño, operación, mantemento e mellora de plataformas e servizos de apoio á investigación, e a elaboración de artigos científicos, informes técnicos, análises e/ou a xestión técnica de plans, proxectos ou programas asociados.		
Idiomas	Inglés: B1		
Outros	Non se require		
MÉRITOS A VALORAR			
Ítem	Concepto do ítem	Puntos max.	Puntos mín.
1	Valoración curricular Valoraranse os seguintes aspectos: <u>Formación: puntuación máxima 30 puntos</u> Valoraranse os cursos, másteres ou posgraos impartidos por centros oficiais de titularidade pública ou privada homologados, ou por entidades da Administración pública. Non serán avaliáveis as accións formativas cunha duración inferior a dez (10) horas.	90	46



• Outras titulacións oficiais (máximo 25 puntos): a) Doutoramento en Ciencias da Educación, con especialización en tecnoloxía educativa. 15 puntos b) Titulación oficial adicional en informática (máster, grado ou Técnico Superior de FP). Ata 10 puntos: • Máster en Enxeñaría Informática, HPC ou IA: 10 puntos • Grao en informática e de sistemas: 3 puntos • Técnico Superior en DAM, DAW ou ASIR: 2 puntos. • Formación específica relacionada cos requisitos do contrato. (Ata 3,5 puntos). • Formación en tecnoloxías asociadas a tecnoloxía educativa, e-learning, entornos virtuais de aprendizaxe, desenvolvemento aplicacións web e plataformas. 0,5 puntos por curso dun mínimo de 10 horas. • Nivel de idiomas superior ao esixido. (Ata 1,5 puntos). • Inglés nivel B2: 0,5 puntos • Inglés nivel C1: 1 puntos • Inglés nivel C2: 1,5 puntos. <u>Experiencia profesional relacionada coas funcións do posto (máximo 30 puntos)</u> Só se valorará a experiencia profesional adicional á requirida como requisito na base terceira desta Convocatoria. Para os efectos deste apartado, os períodos de experiencia que se valoren deberán ser distintos, de maneira que un mesmo período de tempo traballado non poderá computarse máis dunha vez nin atribuírse simultaneamente a varios apartados ou epígrafes destas bases, con independencia da natureza das funcións desenvolvidas. • Experiencia profesional nos últimos 5 anos en prestación de servizos científico-técnicos avanzados e actividades de I+D+i no ámbito da Tecnoloxía Educativa e a e-colaboración. O candidato/a deberá acreditar capacidade no apoio directo á actividade investigadora e de transferencia, especificamente no deseño, implantación e validación de solucións tecnolóxicas innovadoras (tales como Intelixencia Artificial, VR/AR, analítica de datos para a aprendizaxe, microcredenciais, etc) sobre as infraestruturas do CESGA ou contornas similares de ICTS. Así mesmo, esixirase experiencia na xestión técnica de proxectos europeos, elaboración de informes e publicación de artigos científicos: a) En centros de supercomputación recoñecidos oficialmente como Infraestruturas Científico-Técnicas Singulares (ICTS) no marco do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e	
--	--



	Innovación: 0,6 puntos por mes de experiencia. b) En entidades públicas de investigación que dispoñan de infraestrutura HPC propia destinada ao soporte científico 0,4 puntos por mes de experiencia. c) Noutros centros privados de investigación, que dispoñan de infraestrutura HPC propia destinada ao soporte científico 0,2 por mes de experiencia. <u>Traxectoria científico-técnica do/a candidato/a. (máximo 30 puntos).</u> ○ Participación en publicacións científicas nos últimos 10 anos en Revistas Indexadas ou actas de Congreso relacionadas coa Tecnoloxía Educativa e a e-colaboración. 2 puntos por cada artigo ou capítulo de libro. Ata un máximo de 15 puntos. ○ Participación en proxectos de I+D+i europeos financiados con fondos públicos. 2 puntos por proxecto. Ata un máximo de 15 puntos.		
2	Probas de idiomas 2.1 inglés No CV que se adxunte coa solicitude, deberá indicarse de forma explícita se o nivel de inglés é acreditable mediante acreditación/certificación ou se, pola contra, non se dispón desta. Os/as aspirantes que non estean en posesión da correspondente acreditación/certificación de idioma, deberán realizar unha proba eliminatoria cuxa valoración será de apto ou non apto. A duración da proba será de máximo (30) minutos, e consistirá na tradución dun texto de inglés a castelán. 2.2 Galego No CV que se adxunte coa solicitude, deberá indicarse de forma explícita se o nivel de Galego a través do Celga 4 ou do título equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro). No caso de que a persoa aspirante non posúa a titulación sinalada no parágrafo anterior, poderá igualmente participar no proceso selectivo. Os/as aspirantes que non estean en posesión da correspondente acreditación/certificación de idioma galego, deberán realizar unha proba eliminatoria cuxa valoración será de apto ou non apto. A duración da proba será de máximo (30) minutos, e consistirá na tradución	Apto/Non Apto	



	dun texto de galego a castelán. O lugar, a data e a hora anunciaranse na páxina web da Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia Para a realización da devandita proba o tribunal poderá requirir o asesoramento de persoal cualificado na materia.		
3	Entrevista A entrevista centrarase en avaliar as competencias e habilidades transversais do candidato/a, así como a súa adecuación ao posto ofertado. 1. Competencias Técnicas: Dominio de conceptos nas áreas relacionadas co posto. 2. Habilidades Transversais: Capacidade de comunicación, traballo en equipo e resolución de problemas. 3. Adecuación ao Perfil do Posto: Avaliarase a motivación, interese e aliñamento do candidato/a con os obxectivos e funcións do posto, así como a súa dispoñibilidade. 4. Outras consideradas relevantes para o posto.	10	6

